



SESION ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 11 DE AGOSTO DE 2.016

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte e trinta horas do día once de agosto dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez, D^a María Teresa Pereira Quintas, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, e coa *ausencia* dos Sres. Concelleiros D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Antonio Mosquera Rodríguez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- APROBACIÓN , SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA.

O Pleno municipal por unanimidade dos asistentes aproba o cambio da sesión ordinaria correspondente o mes de xullo.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Pleno municipal por unanimidade dos asistentes aproba a sesión anterior.

3º.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA.

Acto seguido dase conta ó Pleno Municipal das resolución ditadas pola Alcaldía, dende a dictada da data 08-01-2016 (Taxas por prestación de servizos do velatorio municipal do defunto Marina Carnero Pérez) ata á resolución de data 02-08-2016 (Solicitud de subvención para axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000.

O Pleno Municipal queda enterado.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

5º.- CREACIÓN DO CENTRO DE REFERENCIA DA CASTAÑA.

Acto seguido dase conta ó Pleno Municipal do escrito do Concello de Riós relativo á creación do Centro de Referencia da Castaña, que literalmente di:

“Logo de termos novas da futura creación do Centro de Referencia da Castaña por parte do Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente



(Magrama), deixando fóra de toda dúbida que este deberá ser situado en Galicia dado o peso que a nosa comunidade ten tanto na produción coma na industrialización dese produto; queremos sinalar a idoneidade que o Concello de Riós ten para abeirar este centro e que ven dada polas seguintes razóns:

1.- Por acharse no corazón dun territorio dominado pola paisaxe do souto e que destaca na produción de castaña, tanto polo volume anual producido como pola calidade do mesmo, sendo o berce das variedades máis apreciadas tanto para o consumo en fresco (Famosa, Ventura) coma para a súa utilización na industria transformadora (Longal, Ventura).

2.- Por contar a día de hoxe cunhas instalacións axeitadas no Centro de Desenvolvemento Agroforestal para acoller a sede do Centro de Referencia da Castaña, ademáis de dispoñer dos terreos precisos para situar as novas instalación en caso de seren precisas.

3.- Pola situación xeográfica do concello, con boas comunicacións por auto estrada, tando co resto de Galicia como coa Meseta e co norte de Portugal.

4.- Por contar o Concello de Riós con outras instalacións e elementos de interese, tanto materiais como Cogomelo, Campo de Traballo Intenacional de Restauración de Soutos...

Ademáis destas razóns e mesmo por riba delas está o feito de termos unha historia de tradición que nos liga á produción de castaña, produto que se amosa agora tamén coma unha chave de cara ao futuro á hora de fixarmos poboación estas áreas da montaña interior dada a rendibilidade e o seu alto grao de demanda nos mercados nacionais e internacionais.

Esta solicitude está apoiada por tódolos concellos do territorio, a Asociación de Produtores de Castaña de Conso-Frieiras, as Mancomunidades de concellos de Verín e Conso-Frieiras amais doutros organismos públicos e privados."

Esta Alcaldía propón ó Pleno Municipal adoptar o seguinte ACORDO:
PRIMEIRO.- Manifestar o apoio do Concello de A Mezquita ó establecemento do Centro de Referencia da Castaña no Concello de Riós.
SEGUNDO.- Dar conta deste acordo ó Concello de Riós.

Sometida a votación a proposta, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes (6 concelleiros) ACORDA:
PRIMEIRO.- Manifestar o apoio do Concello de A Mezquita ó establecemento do Centro de Referencia da Castaña no Concello de Riós.
SEGUNDO.- Dar conta deste acordo ó Concello de Riós.

6º.- MOCIÓNS.

Non se presentaron

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon



Concello de
A MEZQUITA

Avda. da Constitución, 7 | 32549 A MEZQUITA (Ourense)

Tel. 988 42 55 41 | Fax 988 42 56 30

concello.de.amezquita@eidolocal.es

www.amezquita.es

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde da por concluído o Pleno, sendo as vinte corenta e cinco minutos, do que se levanta a presente acta, que como Secretario, Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,